




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Vicerrectorado de Organización  
Académica e Profesorado

Colexio de San Xerome  
Praza do Obradoiro, s/n.  
15782 Santiago de Compostela  
Tfno. 981 562 314 • Fax. 981 577 418

Mediante escrito do 5 de marzo de 2004, o Departamento de Dereito Mercantil e do Traballo notifica que a materia "*Dereito Industrial e dos Bens Inmateriais*" de 6 créditos ofertada como de libre configuración específica, a proposta deste Departamento, non foi impartida por un erro na interpretación dos dereitos que este tipo de materias xeraba ós alumnos matriculados. Segundo o Director do Departamento esta materia ten un contido equivalente e o mesmo número de créditos ( 6 ) á materia optativa do 2º cuadrimestre "*Propiedade Intelectual e Dereito da Competencia*" do plano 2003 de Dereito.

O Real Decreto 1497/87 do 27 de novembro (BOE do 14) no que se establecen as directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez no territorio nacional así como as *Normas de Xestión Académica* permiten que tódalas materias que compoñan os planos de estudos renovados ou non poidán ser ofertadas a libre elección agás as que teñan un contido idéntico ou moi similar ó das materias propias xa cursadas na titulación correspondente polos alumnos. Asemade, o Acordo da Xunta de Goberno da Universidade do 15 de marzo de 1999 polo que se aprobou o *Programa de Materias Específicas para a libre elección* establece que "*os distintos departamentos da Universidade poderán facer propostas de materia, s especialmente deseñadas para a libre elección, que non son coincidentes con ningún plano de estudos dos existentes*". Polo que ó abeiro de todo o anterior e co obxecto de non perxudica-los intereses dos alumnos afectados


**RESOLVO,**

**PRIMEIRO.-** Retirar da oferta, para o curso 2003/2004, a materia de libre elección específica "*Dereito Industrial e dos Bens Inmateriais*" (código400012643).

**SEGUNDO.-** Tendo en conta o contido, profesorado e encargo docente desta materia de libre elección específica, coincidente coa do plano de estudos do 2003 de Dereito que se imparte no segundo cuadrimestre "*Propiedade Intelectual e Dereito da Competencia*", (Código 436012534), os alumnos afectados pola retirada da oferta da materia de libre elección específica poderán modifica-la súa matrícula e matricular a materia optativa do plano de estudos "*Propiedade Intelectual e Dereito da Competencia*".

**TERCEIRO.-** A Unidade de Xestión Académica notificará esta situación ós alumnos afectados, facilitándolles a modificación /anulación de matrícula da materia de libre elección específica "*Dereito Industrial e dos Bens Inmateriais*" en función da petición que ó respecto realicen, procedendo a devolución dos prezos públicos que, de se-lo caso, correspondan.

Santiago de compostela, 5 de abril de 2004

  
O RECTOR  
Senén Barro Ameneiro

Sra. Decana de Dereito; Sr. Director do Departamento de Dereito Común; Sr. Secretario Xaral Adxunto; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte, Sur e Lugo ; Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e mellora dos procedementos.